

Declaración institucional sobre delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago

A recuperación e posta en valor do Camiño de Santiago é un dos grandes éxitos colectivos da sociedade galega contemporánea. Dende as institucións ata a colaboración de persoas anónimas, o esforzo de investigadores, historiadores, etnógrafos, ecoloxistas ou arqueólogos permitiu recuperar un dos grandes eixos vertebradores da cultura galega e da identidade europea. Este esforzo colectivo levou ao recoñecemento do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade no ano 1993, e a unha ampliación no 2015 incluíndo catro rutas do Norte (as rutas Costeira, Lebaniega, Primitiva e a Interior Vasco-Riojana).

Por desgraza, o traballo da administración galega non ten avanzado co mesmo dinamismo que a sociedade civil. A Xunta aposta máis pola propaganda do Xacobeo que polo coidado do Camiño. Repítense as esaxeracións (sempre estamos ante un Xacobeo récord), prométese investimentos culturais que non se cumpren e logo, no día a día, quere imputárselles aos concellos o mantemento, por exemplo, das sendas peonís do Camiño.

A partir dun traballo de investigación publicado no Anuario Brigantino 2017 que xira arredor do tramo Vilalba-Betanzos do Camiño Norte orixinal (tamén chamado Camiño Real), o denominado Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba- Betanzos) emprendeu os labores de recuperación desta ruta.

Para iso, enviou toda a documentación pertinente ao Cabido da Catedral de Santiago e este respondeu positivamente en carta asinada por don Segundo L. Pérez López, Delegado de Peregrinacións, o 15 de xullo de 2021, sinalando que "conforme á documentación presentada e ao correspondente estudo histórico, non cabe dúbida que este traxecto formaba parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela. Por iso, aos peregrinos que recorran este tramo e que cumpran as condicións acostumadas e establecidas pola Oficina de Acolida ao Peregrino concederáselles a Compostela como testemuña da súa peregrinación ao Sepulcro do Apóstolo Santiago".

O 9 de outubro de 2021, os oito alcaldes e alcaldesas dese tramo (Vilalba, Xermade, Guitiriz, Monfero, Aranga, Irixoa, Paderne e Betanzos) reuníronse en Betanzos e asinaron unha Declaración favorable a promover as medidas necesarias para sinalizar e manter en bo estado o Camiño, solicitando das entidades públicas, especialmente da Xunta de Galicia, o seu apoio e colaboración a fin de que culmine este proceso co recoñecemento oficial e coa conseguinte integración na rede de Camiños Xacobeos.

A partir dese momento, o "Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba-Betanzos)" deu unha marxe de tempo para recibir achegas e solicitoulle á Fundación L. Monteagudo a redacción dunha Memoria do Camiño Norte de Peregrinación a Santiago de Compostela no tramo Vilalba-Betanzos, acompañada das memorias específicas para cada concello, que incorporan, como é de rigor información textual, fotográfica e planimétrica detallada.

Como era lóxico, seguiu na redacción destas memorias a metodoloxía empregada no DECRETO 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa. DOG Núm. 245 Martes, 23 de decembro de 2014. Porque o obxectivo desta iniciativa é complementar o devandito Decreto cun tramo de camiño plenamente documentado, que conflúe en Betanzos co Camiño Inglés, cuxa delimitación foi aprobada polo Decreto 110/2014, de 4 de setembro, DOG nº 178 de 18 de setembro de 2014.

Para a Deputación da Coruña a defensa do patrimonio cultural, como elemento de valor en si propio, e como factor de dinamización económica é un factor esencial de progreso para a nosa provincia.

Por iso, apoiamos con esta declaración institucional a solicitude á Xunta de Galicia de estudar a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago en función da Memoria Xustificativa e que incoe, no seu caso, o procedemento necesario para a adopción do Decreto correspondente. Ademais, solicitámoslle á Xunta a presentación dun plan de investimentos para acondicionar todas as sendas do Camiño nos termos municipais dos concellos da provincia, liberando así ás facendas municipais dunha carga que non poden asumir.